

AVISO DE SEGURIDADE: ESTRADAS PROHIBIDAS

Polo interior da zona de competición discorren varias estradas asfaltadas con moi pouco tráfico.

Por motivos de seguridade, algunhas delas (as principais) estará prohibido cruzalas ou circular por elas agás nos



tramos habilitados a tal efecto e que contarán con vixilancia da organización. Estes tramos non serán puntos de cruce únicos, senón pequenos tramos de estrada.

Moi importante: As estradas que aparecen marcadas co símbolo de “Límite infranqueable” (708) **non poden ser atravesadas nin se pode circular por elas. Esta prohibición inclúe a de circular pola beira das mesmas.** No terreo haberá cinta de balizado indicando onde empezan os tramos prohibidos. Os participantes deberán dar a volta e buscar un sitio onde cruzar o valado para seguir avanzando nos seus percorridos.

Tamén haberá xuíces auxiliares en cada límite lembrando esta prohibición estando autorizados a anotar o número de dorsal dos que incumpran esta norma.

Moitas gracias por colaborar!